



II PREMIO

A IMAXE DE GALICIA 2010

I. Presentación

O Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG), coa colaboración e o patrocinio de Novacaixagalicia, convoca o II Premio A imaxe de Galicia, co fin de fomentar e recoñecer o traballo dos xornalistas gráficos en Galicia e de acordo coas seguintes bases:

II. Bases de participación

1. Participantes

Poderán concorrer a este Premio todos os fotoxornalistas que teñan publicado algún traballo sobre a Comunidade Autónoma de Galicia en calquera medio informativo e que formalicen a súa inscrición dacordo co disposto no terceiro punto destas bases.

2. Condicións Xerais

- "A Imaxe de Galicia 2010" premiará á mellor imaxe sobre actualidade galega publicada en medios informativos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2010.
- Cada participante poderá presentar en total tres imaxes ao concurso.
- Os participantes terán que presentar as fotografías acompañadas dunha copia da súa publicación nalgún medio informativo no ano 2010. As imaxes que procedan de axencias terán que levar necesariamente un certificado do responsable do medio para xustificar a súa publicación.
- Poderase presentar fotografías que formen parte dunha serie, para o que haberá que enviar a imaxe que se quere presentar ao certame xunto coa que foi publicada. Igual que o resto das fotografías, haberá que adxuntar o soporte onde saíu.
- As fotografías deberán presentarse en formato .jpg e RGB modo cor ou branco e negro, cun peso entre 1MB e 3MB e con resolución de 300pp. Non se premiará ningunha foto que non teña calidade ou resolución suficiente.
- As imaxes poderán presentarse todas xuntas ou por separado. En todo caso, cada unha delas deberá incluír o formulario de inscrición debidamente cumplimentado.





3. Prazo e condicións de inscrición

- O prazo de recepción de propostas rematará o 9 de maio do 2011.
- As fotografías que se presenten ao Premio serán enviadas xunto co boletín de inscrición por vía postal ao seguinte enderezo: Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, San Pedro de Mezozo, 31, 1º, 15701 Santiago de Compostela. Serán aceptadas só as propostas que entren dentro do prazo de recepción.

4. Xurado

O xurado estará formado por cinco membros: un representante de Novacaixagalicia e outro do CPXG, e tres profesionais da fotografía, entre os que estará o gañador da anterior edición, que analizarán os traballos recibidos e elixirán as 50 mellores fotografías entre todas as recibidas. Ao xurado faráselle chegar o material sen identificación algunha do autor. O xurado contará co apoio dun secretario, que non terá voz nin voto.

O gañador será aquel elixido polo xurado de entre as 50 fotografías seleccionadas.

A participación neste concurso implica a autorización ao CPXG e a Novacaixagalicia para a inclusión das imaxes presentadas nunha exposición, catálogo, páxina web e, no caso da fotografía premiada, para a reprodución, distribución e comunicación pública a través de calquera medio.

O CPXG e a Novacaixagalicia resérvanse o dereito a publicar a relación das obras seleccionadas, a información correspondente ás mesmas e o nome e apelido dos seus autores por calquera medio que estimen conveniente.

O fallo do xurado darase a coñecer na segunda quincena do mes de xuño de 2011.

Con posterioridade ao fallo realizarase, nas sedes da Novacaixagalicia, unha exposición cunha selección das fotografías presentadas.

Os traballos quedarán depositados na organización formando unha base de datos que ilustrarán a historia do premio.





5. Premios

O certame estará dotado cun único premio en metálico de 9.000 euros e non poderá ser declarado deserto. O xurado poderá facer as mencións honoríficas que considere oportunas.

Dacordo coa normativa vixente, a entrega do citado premio constitúe un rendemento suxeito ó imposto sobre a Renda de Persoas Físicas (IRPF), do seu perceptor, sometido á correspondente obriga de retención a conta de dito imposto por parte do pagador.

6. Outras normas

Os organizadores nomearán unha comisión específica para a organización do premio, que tomará as decisións pertinentes durante o proceso, e non admitirá recurso algún.

A participación na presente convocatoria implica a aceptación, por parte de cada participante, das presentes bases, que serán depositadas ante notario.

Non serán admitidas as propostas que non cumpran os anteriores requisitos. A documentación presentada non será devolta nin se manterá correspondencia sobre ela.